



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 22 DE AGOSTO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e dous de agosto do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, D^a Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventora accidental: M^a Inmaculada Buján Arias .

Non asiste a tenente de Alcalde Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez e o concelleiro D. Iban Torres Rodríguez.

ÚNICO.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL: CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA TUBAXE XERAL.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“En data 26.07.2022 o Pleno da Corporación aprobou o Preacordo asinado entre o Concello de Monforte de Lemos e a empresa FCC AQUALIA SA, relativo ao cumprimento da sentenza número 269/2021, de data 30.12.2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Lugo. O punto primeiro de dito Preacordo sinala que este producirá efectos unha vez aprobado polo Pleno, e que adoptado o acordo o Concello requirirá formalmente a FCC AQUALIA SA a execución do correspondente proxecto técnico e a realización da obra.

En data 11.08.2022, a empresa FCC AQUALIA SA fixo entrega (NRE 2022 12902) do proxecto de DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL: CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA TUBAXE XERAL,

Acta pleno extraordinario 22.08.2022



redactado polo enxeñeiro industrial D. Alfonso Fernández Losada (Colexiado nº 1.103 del I.C.O.I.I. de Galicia). O proxecto contempla un orzamento de execución material de 1.499.858,35 €, e un total, (unha vez engadidos o 13% de gastos xerais e o 6% de beneficio industrial), de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA E CATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.784.831,44 €), inversión real que segundo o Preacordo aprobado asumirá FCC AQUALIA SA.

En data 11.08.2022 pola Técnica de Servizos do Concello de Monforte de Lemos emitíuse informe FAVORABLE de supervisión do proxecto ao que se fai referencia no punto anterior.

En data 11.08.2022 incorporouse ao expediente informe emitido pola Intervención municipal.

Por todo o anterior, ao Pleno da Corporación formulo a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Prestar aprobación ao proxecto de D DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL: CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA TUBAXE XERAL, redactado polo enxeñeiro industrial D. Alfonso Fernández Losada (Colexiado nº 1.103 del I.C.O.I.I. de Galicia).

2º.- Notificar a FCC AQUALIA SA o contido dos presentes acordos aos efectos previstos no punto primeiro do Preacordo aprobado polo Pleno da Corporación en data 26.07.2022.

3º.- Trasladar os presentes acordos á Intervención municipal, á Oficina técnica e á Técnica de servizos aos efectos oportunos.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa se informou na comisión informativa trátase do proxecto que da desenvolve o acordo asinado coa empresa Aqualia e que para evitar esperar a finais de setembro, por iso se fai este pleno extraordinario, para que poidan solicitar permisos e comezar as obras.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que dende que esta de concelleiro defendeu os intereses públicos e neste caso inclúe facer ou cumprir as empresas con contratos públicos cumpran co seu cometido. Agora cos datos técnicos, cren que si, por iso van votar a favor disto e polo tanto cren que é necesario porque a tubaxe é un dos grandes problemas, di que cre que é importante facer ese desdoblamento, saben que moita da tubería vella pasa por zonas privadas, cren que isto sexa o principio para renovar as tuberías. Eles van votan a favor disto.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando o seu voto afirmativo.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que o grupo popular amosa tanto interese cos problemas do saneamento, e lles parece coherente apoiar esta iniciativa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é importante que os tres grupos apoiem esta iniciativa. Dille a D. Emilio que no preacordo non figuraba o proxecto pero sí a cantidade, e o preacordo chámase así antes de que o aprrobe o pleno.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta o compromiso co Concello de Monforte. Gustaríalle que foran inflexibles coa empresa e, que todos os cartos que se asinaron no contrato que teñan a ver gastalos.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE).

Remata a sesión sendo ás vinte horas e nove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE